

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CENLLE PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PASARELA PEONIL

En Santiago de Compostela, 2 de maio de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, **D^a María Nava Castro Domínguez**, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte, o alcalde do concello de Cenlle, **D. Gabriel Alén Castro**, que actúa no seu nome e representación en virtude das atribucións que lle confiren a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

A Axencia Turismo de Galicia ten, entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo, redactado polo número 8 do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, que inclúe no apartado h) do parágrafo 2 como competencia propia dos municipios a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Así mesmo, os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado no presente convenio.

Terceiro.- Os tres focos principais de atracción turística do Concello de Cenlle son o Desfrute da Natureza, o Termalismo e o Enoturismo.

Coa actuación obxecto do convenio unificaranse estes tres focos mediante unha experiencia natural ao longo do Río Miño e das viñas existentes, unindo as Áreas Termais e as Adegas.

Preténdese recuperar un camiño tradicional, existente con anterioridade ao Encoro de Castrelo de Miño e abandonado dende hai tempo pola dificultade dos accesos a algún dos seus tramos.

Atopámonos nunha paisaxe característica do Ribeiro, con viñedos bañados polo río Miño, camiños tradicionais enmarcados con muros de pedra do país e bosques de vexetación autóctona moi ben conservada.

Ante este entorno envexable, respectando en todo momento o medio natural que nos rodea, preténdense recuperar estes elementos para o uso e gozo dos mesmos, poñendo en valor a paisaxe herdada.

Cuarto.- O inicio do paseo proxectado preténdese que sexa no núcleo de Carballeda de Abaixo. Ata este punto chega o paseo fluvial existente que procede do Balneario de Laías e da Área Termal de Barbantes.

Seguindo pola beira do Miño en dirección Oeste, en paralelo tamén á vía do Ferrocarril, poderase ir desfrutando da paisaxe do Encoro ata chegar ao punto, onde actualmente se realiza a captación de auga, que cruza por baixo da vía de ferrocarril e continúa polos viñedos e adegas.

Trátase dun paseo fluvial que pretende harmonizar co ambiente que o rodea, polo que se acondicionarán os elementos existentes, respectando a vexetación e o cauce existentes.

Existe un tramo no que non resulta suficiente o espazo entre o río e o terraplén do ferrocarril, polo que se pretende executar unha pasarela voada sobre o río, mediante unha estrutura de madeira.

As obras descritas respectarán en todo momento os elementos naturais existentes e integraranse totalmente no entorno polo que transcorre.

En consideración a todo o exposto, é vontade das partes asinantes a colaboración, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Cenlle para a construción dunha pasarela peonil, que permita recuperar un camiño tradicional existente con anterioridade ao Encoro de Castrelo de Miño.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento previsto para estas actuacións ascende a 73.910,37€ (IVE incluído) que se distribúen do seguinte xeito:

01. TRABALLOS PREVIOS.....	8.597,20
02. MOVEMENTO DE TERRAS.....	1.375,72
03. CIMENTACIÓN.....	8.336,62
04. ESTRUTURA MADEIRA.....	17.334,00
05. ESTRUTURA METÁLICA.....	4.014,20
06. MOBILIARIO URBANO.....	7.273,31
07. SEGURIDAD Y SALUD.....	573,52
08. CONTROL DE CALIDAD.....	793,94
09. XESTIÓN DE RESIDUOS.....	353,78
13,00% Gastos xerais	6.324,80
6,00% Beneficios industriais	2.919,14
21,00% I.V.E.	12.158,21
TOTAL ORZAMENTO	70.054,44
HONORARIOS DE ARQUITECTO	2.766,85
HONORARIOS DE APARELLADOR	1.089,08

TOTAL ORZAMENTO XERAL 73.910,37

A Axencia Turismo de Galicia achegará a cantidade de **73.910,37€** para posibilitar a realización das actuacións, o que supón o 100% do orzamento máis arriba indicado.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, código de proxecto 2015 00006, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia a favor do concello de Cenlle unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

Terceira.- Compromisos das partes

a) A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través de realización dun investimento por importe de 73.910,37€.

Esta colaboración económica financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0 dos orzamentos da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2017. Esta achega da administración faise para compensar os custos nos que vai incorrer o concello de Cenlle no desenvolvemento das actuacións previstas, e unha vez que achegue a correspondente xustificación dos gastos efectuados.

b) O Concello de Cenlle queda obrigado á realización das referidas actuacións, comprometéndose a:

1. Levar a cabo as accións obxecto do convenio.
2. Supervisar as actuacións obxecto do convenio, así como a súa execución.
3. Solicitar os permisos e autorizacións pertinentes para a súa execución.
4. Incluír en toda a documentación e soportes da obra que se realice, que esta conta coa colaboración da Xunta de Galicia - Turismo de Galicia, así como a “Marca Galicia” regulada polo Decreto 121/2011, do 16 de xuño.
5. Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia de acordo co previsto no punto 4.
6. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.
7. Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
8. Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

9. Reintegrar, total ou parcialmente, a axuda percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas no presente convenio.
10. Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais do último exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Cuarta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o concello de Cenlle para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade

subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o concello de Cenlle, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Sexta.- Persoal

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas

que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia.

Sétima.- Xustificación de fondos e pagamento

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación de obra de se lo caso, importe data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de se lo caso dos criterios de repartición dos custos xerais e/o indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O concello de Cenlle deberá remitir a Axencia Turismo de Galicia unha reportaxe fotográfica na que se constate o estado previo ao comenzo da obra e o resultado final unha vez executada a mesma, así como a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula terceira.

Así mesmo de acordo co artigo 8 do dito Decreto 193/2011, de 6 de outubro, a conta xustificativa debe incluír a **certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas ás facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.**

O concello de Cenlle, ademais, deberá presentar unha certificación bancaria de titularidade da conta na que se deba realizar o pagamento.

Por outro lado, o concello de Cenlle deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

A cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.

A comunicación relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello de Cenlle, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado **desde o 1 de xaneiro de 2017**.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o concello de Cenlle deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total do orzamento estimado para cada unha das actuacións.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será desde a formalización do convenio ata o **30 de outubro de 2017**.

Oitava.- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, sin que se sobrepase a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario obxecto deste convenio por importe do 100%, de conformidade co disposto no

artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e no artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada ata a porcentaxe do 100%. Para proceder ao seu pagamento, o concello de Cenlle deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sétima.

De conformidade co disposto no citado artigo 65.4 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o concello de Cenlle está exonerado de constituír garantía relativa aos pagos a conta e anticipos previstos nesta cláusula.

Novena.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por dous representantes designados polo concello de Cenlle e dous representantes designados pola Axencia Turismo de Galicia.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima.- Modificacións do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Décimo primeira.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado c) do parágrafo primeiro do artigo 4.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décimo segunda.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.

- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.

Décimo terceira.- Publicidade do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo cuarta.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consinten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo quinta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o 30 de outubro de 2017.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes firman dous exemplares do presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A directora de Turismo de Galicia

O alcalde do concello de Cenlle

M^a Nava Castro Domínguez

Gabriel Alén Castro

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CENLLE PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PASARELA PEONIL

En Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, **D^a María Nava Castro Domínguez**, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte, o alcalde do concello de Cenlle, **D. Gabriel Alén Castro**, que actúa no seu nome e representación en virtude das atribucións que lle confiren a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que o 2 de maio de 2017 foi asinado un convenio de colaboración que regula a subvención, mediante concesión directa, da Axencia Turismo de Galicia ao concello de Cenlle, para a construción dunha pasarela peonil, que permite recuperar un camiño tradicional existente con anterioridade ao Encoro de Castrelo de Miño.

SEGUNDO. Nas cláusulas sétima e décimo quinta establécense os prazos de xustificación e vixencia respectivamente, 30 de outubro de 2017.

TERCEIRO. Ante a insuficiencia do prazo para executar as actuacións dentro das datas inicialmente sinaladas e co fin de dar debido cumprimento ao obxecto do convenio, cómpre ampliar os prazos de xustificación e vixencia das accións a desenvolver.

Por estes motivos, acórdase celebrar a presente addenda que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Modifícase a cláusula sétima do convenio para ampliar o prazo de xustificación da aplicación dos fondos percibidos por parte do concello de Cenlle ata o 15 de decembro de 2017. Así mesmo tamén se modifica a cláusula décimo quinta para ampliar o prazo de vixencia ata o 15 de decembro de 2017.

Segunda. Condicións

Esta addenda rexeráse polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asínana e rubrican por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

A directora de Turismo de Galicia

O alcalde do concello de Cenlle

Mª Nava Castro Domínguez

Gabriel Alén Castro

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CENLLE PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PASARELA PEONIL

En Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, **D^a María Nava Castro Domínguez**, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte, o alcalde do concello de Cenlle, **D. Gabriel Alén Castro**, que actúa no seu nome e representación en virtude das atribucións que lle confiren a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que o 2 de maio de 2017 foi asinado un convenio de colaboración que regula a subvención, mediante concesión directa, da Axencia Turismo de Galicia ao concello de Cenlle, para a construción dunha pasarela peonil, que permite recuperar un camiño tradicional existente con anterioridade ao Encoro de Castrelo de Miño.

SEGUNDO. Nas cláusulas sétima e décimo quinta establécense os prazos de xustificación e vixencia respectivamente, 30 de outubro de 2017.

TERCEIRO. Ante a insuficiencia do prazo para executar as actuacións dentro das datas inicialmente sinaladas e co fin de dar debido cumprimento ao obxecto do convenio, cómpre ampliar os prazos de xustificación e vixencia das accións a desenvolver.

Por estes motivos, acórdase celebrar a presente addenda que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Modifícase a cláusula sétima do convenio para ampliar o prazo de xustificación da aplicación dos fondos percibidos por parte do concello de Cenlle ata o 15 de decembro de 2017. Así mesmo tamén se modifica a cláusula décimo quinta para ampliar o prazo de vixencia ata o 15 de decembro de 2017.

Segunda. Condicións

Esta addenda rexerase polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asínana e rubrican por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

A directora de Turismo de Galicia

O alcalde do concello de Cenlle

M^a Nava Castro Domínguez

Gabriel Alén Castro